

Hai unhas semanas, a profesora Dolores Vilavedra publicaba un artigo na prensa onde reflexionaba sobre "a escaseza de textos literarios contemporáneos que se inspiren no Camiño de Santiago" e/ou que desenvolvesen a temática xacobea, e chamaba a atención sobre o feito de que tivese que ser un autor alófono quen viñese tratar o tema nas nosas letras en referencia a Pere Tobaruela. E isto aínda chama máis a atención se facemos conta de que xa en 1997 fora unha sevillana, Concha López Narváez, a que conseguira un grande éxito cunha novela desta temática, *Endrina e o segredo do peregrino*, que en 2004 había de editar en galego a editorial Galaxia.

A aposta editorial de Xerais por este Xacobeo 2010, ofrécenos libros que abranguen diversos xéneros, guías, estudos etnográficos e históricos, libros fotográficos, literatura infantil e un título de literatura xuvenil, *A cripta do apóstolo*, de Pere Tobaruela, unha historia de misterio no Camiño de Santiago.

Parabéns á

# Misterio no Camiño

## Unha gran dose de intriga

PILAR PONTE

magnífica montaxe fotográfica que presenta o volume, realizada por Antonio Seijas,

que podemos encadrar dentro do grupo das cubertas anticipatorias e a cuxa visión volvemos ao longo da lectura tentando adiviñar o que aínda está por vir.

Como acontece con outros moitos títulos de Fóra de xogo, a catalogación de literatura xuvenil aquí só serve para nos indicar que aos adolescentes tamén lles pode gustar este libro e non que se trate dunha lectura só para ese tramo de idade. Aínda que non faltan elementos propios do xénero xuvenil: parte dos protagonistas son un grupo de catro amigos de último curso de primaria que realizan desde Somport o camiño de Santiago co seu colexio, a aventura iniciática que supón a peregrinación ou a descuberta do amor adolescente.

O libro divídese en dúas partes de extensión desigual, a primeira titúlase "A Lenda", abrangue aproximadamente cincuenta páxinas, e nela o autor novela a lenda do apóstolo desde as súas orixes ata o nacemento da cidade de Santiago de Compostela. A segunda, titulada "A cripta do apóstolo", constitúe o corpo da novela, e nela ofrécenos a historia da peregrinación dos catro amigos durante dúas semanas acompañados dun misterioso e enigmático monitor.

Podemos sinalar un grande acerto desta obra fronte a outras do xénero, o seu indubidable carácter didáctico. O importante labor de documentación levado a cabo por este autor barcelonés que xa leva cinco anos entre nós, ten como froito a inclusión no discurso novelesco de moitas das lendas e feitos históricos relacionados con monumentos e personaxes importantes da peregrinación sen sacrificar a frescura da historia.

Unha boa lectura onde poderán atopar unha gran dose de intriga que mediante xogos con anagramas os manterá en vilo ata a última páxina, e non é metáfora.

*TOBARUELA, Pere: A cripta do apóstolo. Ed. Xerais, Vigo, 2010, PVP 10,75 €*

